

## Renuncia de matrícula

Novas medidas covid-19, 11/05/2020

*Por indicación da Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial informamos das modificacións xurdidas no procedemento de renuncia de matrícula.*

*No punto 8.12. das directrices específicas por ensinanzas das Instrucións do 27 de abril de 2020 indícase que os centros poderán flexibilizar os prazos para presentar a solicitude de anulación de matrícula e ter en conta como circunstancia que poderá solicitar a mesma debido á situación orixinada pola actual situación excepcional. En todo caso, esta solicitude deberá cursarse con anterioridade á celebración da avaliación final.*

*Nas ensinanzas elementais e profesionais de música e de danza non está establecida a anulación de matrícula, e si a renuncia de matrícula, polo que se informa de que para o establecido no antedito punto 8.12. deberá entenderse renuncia de matrícula en lugar de anulación de matrícula. De producirse a renuncia de matrícula, o alumnado non terá que solicitar de novo praza no centro, xa que lle será reservada para o próximo curso no mesmo nivel. Esta circunstancia non dará dereito á devolución de prezos públicos.*

*A renuncia de matrícula no CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá ser solicitada antes do 29 de maio.*

*O que traslado para o coñecemento da comunidade educativa.*

*Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020.*

*O Director*



*Asdo.: José Luis Quintás*